

**CIRCULAR Nº 02**

**Temporada 21-22**

**Destino:** Delegacións, Clubs.

**Asunto :** Inscripción dos equipos participantes en competicións de 2ª División Junior, Cadete e Infantil, 2ª División Feminina e 3ª División Masculina

Ponse en coñecemento das Delegacións e de todos os clubs que o prazo de inscrición dos equipos que teñen praza nas competicións Junior, Cadete e Infantil de 2ª División e das de 2ª e 3ª División masculina rematan os seguintes días

2ª DIV. FEM.	05.10.21	18.00 hrs
3ª DIV.MASC.	05.10.21	18.00 hrs.
LIGA 2ª DIV. JUNIOR	23.09.21	18.00 hrs.
LIGA 2ª DIV. CADETE	03.10.21	18.00 hrs.
LIGA 2ª DIV. INFANTIL	13.10.21	18.00 hrs.

Todos os equipos que desexen formalizar a súa inscrición nesta temporada nas categorías que se indican máis abaixo, deberán inscribirse vía INTRANET, (<https://clubs.fegaba.com/login>) e logo remitir ás Delegacións a seguinte documentación ORIXINAL:

- **DEPOSITO INICIAL OU AVAL BANCARIO**, xustificante do ingreso bancario a nome da FGB por importe da cantidade que en cada caso corresponda, ou aval bancario segundo modelo axunto.

- **COTA DE AFILIACIÓN**, xustificante do ingreso da transferencia bancaria a nome da FGB, polo importe da cantidade que en cada caso corresponda.

- Ingresos Nº Conta ES96-2100-1455-14-0200227406 de La Caixa.

As cantidades en concepto de **COTA DE AFILIACIÓN E DEPÓSITOS INICIAIS OU AVAIS BANCARIOS** que deberán presentarse segundo a categoría son as seguintes:

	<u>C. Afiliación</u>	<u>Depósito/Aval</u>
Liga 2ª Div.Feminina	62,50 € *	300,00 €
Liga 3ª Div.Masculina	62.50 € *	300,00 €
Liga de 2ª Div. Júnior	00,00 € **	100,00 €
Liga de 2ª Div. Cadete.	00,00 € **	100,00 €
Liga de 2ª Div. Infantil	00,00 € **	100,00 €



**FEDERACIÓN GALEGA**  
DE BALONCESTO



\*Cotas reducidas no 50%

\*\*Cotas reducidas no 100%

A Federación Galega de Baloncesto solicita das Delegacións Zonais que se lle dea a maior difusión posible ao contido da presente circular.

Por outra banda, tamén pedimos a todos os clubs interesados que, unha vez feita a súa inscrición vía INTRANET, preparen toda a documentación necesaria e a remitan a través das respectivas Delegacións dentro dos prazos establecidos e seguindo o que se indica na presente circular co fin de evitar prexuízos irreparables que seríamos os primeiros en lamentar e dos que a Federación Galega de Baloncesto non se fará responsable.

Santiago, 5 Xullo 2021

Asdo. Susana Fernández Fiuza  
Secretaria Xeral